

4 Agricultura, gandería e pesca

Agricultura, gandería e pesca

1. A *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 1997*, realizada polo INE, ten como obxectivos fundamentais obter información homologable á esixida pola UE ós seus Estados membros e coñece-la estrutura actual do sector agrario e a súa evolución respecto ó censo agrario de 1989 e ás enquisas de 1993 e 1995. A investigación esténdese a todo o territorio nacional e a poboación obxecto de estudio vén dada por:

- Tódalas explotacións agrícolas que no *Censo Agrario 1989* tiñan polo menos 1 Ha de superficie agraria utilizada (SAU)
- Tódalas explotacións agrícolas que no *Censo Agrario 1989* tiñan polo menos de 0,2 Ha SAU dedicadas a hortalizas e flores, cultivos en invernadoiro, froiteiras de regadío ou viveiros
- As explotacións agrícolas que tivesen no *Censo Agrario 1989*, unha ou máis UG cunha Marxe bruta total (MBT) igual ou superior a 0,75 unidades de dimensión europea (UDE)

O *Censo agrario 1999* continúa coa tradición iniciada polo INE en 1962 coa realización do primeiro censo agrario. No regulamento (CE) núm. 2467/96 do *Consello* establécese a obrigatoriedade, para tódolos estados membros de realizar unha enquisa exhaustiva ou censo entre o 1 de decembro de 1998 e o 1 de marzo de 2001, en relación coa campaña 1999-2000, e campañas agrícolas para os anos 2003, 2005 e 2007. Así os obxectivos deste censo serán:

- Avalía-la situación da agricultura española e seguir coa evolución estrutural das explotacións agrícolas, así como obter resultados comparables estre tódolos estados membros da Unión Europea
- Obter un marco ou directorio de explotacións agrícolas que sirva para a realización de deseños mostrais de enquisas sectoriais
- Cumprir coa normativa legal fixada pola Unión Europea nos diferentes regulamentos do *Consello*, así como atende-los requirimentos estatísticos nacionais e outras solicitudes internacionais de información estatística sobre o sector agrario

As principais características estudadas refírense ó tamaño da explotación, réxime de tenza da terra, personalidade xurídica, e xestión da explotación, aproveitamento da terra, gandería e man de obra. Os resultados preséntanse a nivel nacional e por comunidades autónomas

DEFINICIÓNS:

Explotación agraria. Unidade técnico-económica que baixo a dirección dun empresario se dedica á obtención de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais.

Parcela. Toda extensión de terra que está baixo unha soa linde, é dicir, rodeada de terreo, edificios ou augas que non pertencen á explotación.

Explotación agraria con terras. No censo de 1962 era a que tiña calquera superficie de terras. Nos censos de 1972, 1982, 1989 e 1999 é a que en total ten polo menos 0,1 ha de terreo nunha ou máis parcelas contiguas ou non.

Explotación agraria sen terras. É aquela que con menos de 0,1 ha (eventualmente ningunha), (1972, 1982, 1989 e 1999), ou sen terras (1962), posúe unha determinada cantidade mínima de gando. (Para os censos do 1982, 1989, e 1999, 1 ou máis cabezas de gando vacún; 2 ou máis cabezas entre gando cabalar, mular ou asnal; 6 ou máis cabezas entre gando ovino ou caprino; 2 ou máis cabezas de gando porcino; 50 ou máis aves; 30 ou máis coellas nais; 10 ou máis colmeas).

A **superficie total** de cada explotación agrícola con terras clasifícase en tres grandes grupos segundo o seu aproveitamento: terras labradas, terras para pastos permanentes e outras terras

Terras labradas. Son as que reciben coidados culturais con arado, aixada, grade, cultivador, etc. Non se contan aquí prados aínda que neles se estenda fertilizante, se fagan cortas, resemteiras, etc. As terras labradas están constituídas polos cultivos herbáceos, barbeitos, hortas familiares e cultivos leñosos.

Cultivos herbáceos. Son os constituídos por plantas con parte aérea de consistencia herbácea (cereais, leguminosas, hortalizas, forraxeiras, etc.); inclúe os barbeitos.

Cultivos leñosos. Son os que ocupan a terra durante longos períodos e non necesitan ser replantados despois de cada colleita: froiteiras, vide, oliveira. Exclúense as árbores forestais e os seus viveiros.

Barbeitos. Terras que permanecen en descanso durante o curso da campaña sen recibiren cultivo.

Terras para pastos permanentes. Son terras que non incluídas na rotación de cultivos, dedícanse de forma permanente (por un período de 5 anos ou máis) á produción de herba. Inclúe dúas categorías: prados ou praderías permanentes e pasteiros.


Outras terras: comprende aquelas terras que aínda que son superficie non constitúen superficie agrícola utilizada: serán as especies arbóreas forestais, ermo a pastos, matos e outras superficies.

Especies arbóreas forestais. Superficies cubertas por arborado forestal, sexa cal sexa a súa idade ou desenvolvemento, e dedicadas á obtención de madeira, leña ou outro produto forestal, ou á conservación do ambiente. Inclúense as superficies temporalmente rasas por corta ou queima, así como as zonas repoboadas e viveiros forestais.

Ermo a pastos. Terreo raso de pouco rendemento que non recibe ningún tipo de labor, podéndose dedicar accidentalmente a pasto.

Mato. Terreo poboado de maneira predominante por especies arbustivas, carpaza, uz, toxo, etc., con independencia de que sexa ou non obxecto de pastoreo.

Superficie agrícola utilizada (SAU). É o conxunto de terras labradas e terras dedicadas a pastos permanentes. Comprende a superficie destinada á colleita no período de referencia do censo (no cuestionario censual equivale á suma de terras labradas e de prados e pasteiros).



Titular da explotación. Será a persoa, física ou xurídica que, actuando con liberdade e con autonomía, asume o risco dunha explotación agrícola, dirixíndoa por si mesmo ou mediante outra persoa.

Xefe da explotación. É a persoa responsable da xestión corrente e cotiá da explotación agrícola. O xefe da explotación coincide polo xeral, co titular.

Réxime de tenza. Esta característica refírese unicamente ás explotacións con terras e é a forma xurídica baixo a cal actúa o titular da explotación: unha mesma explotación pode estar constituídas por terras baixos distintas formas de tenza. Os diferentes réximes serán: en propiedade, en arrendamento, en parceria e noutros réximes.

Unidades traballo-ano (UTA). Os datos de traballo na explotación exprésanse en número de xornadas completas ou parciais ou ben en unidades de traballo-ano (UTA); unha UTA equivale ó traballo que realiza unha persoa a tempo completo ó longo dun ano.

Unidades gandeiras (UG). Resultado de aplicar un coeficiente a cada especie e tipo para obter unha unidade común que permita agregar diferentes especies. Os valores (dende 1 para vacas leiteiras ata 0,015 nas coellas nais) pódense ver na propia metodoloxía do censo agrario.

2. O *Anuario de estadística agraria* da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, vén recollendo dende o 1991 a información máis salientable do sector agrario. Así reúne estatísticas sobre produción, censos, rendas, dedicación do solo, macromagnitudes agrarias, prezos,....,ofrecendo no seu conxunto unha visión completa da realidade do sector agrario en Galicia.

DEFINICIÓNS

O sector bovino está representado en Galicia polo vacún. A terminoloxía europea para defini-la orientación productiva do gando reproductor como vacas de muxidura/vacas que nunca se moxen, substitúese aquí pola de vacas de leite/vacas de carne, máis acorde coa realidade galega.

Vaca de leite. Vacas que por raza ou por aptitude productiva, se posúan exclusiva ou principalmente para a produción de leite destinado ó consumo humano ou á transformación láctea (en Galicia as vacas de leite son maioritariamente de raza frisona)


Vaca de carne. Vacas que pola súa raza ou aptitude, se posúan exclusiva ou principalmente para a produción de becerros e tal que o seu leite non se destine ó consumo humano nin á transformación en produtos lácteos (en Galicia practicamente son as vacas de raza morena e rubia galega)

3. No ano 1992, mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e o Instituto Galego de Estatística, púxose en marcha un proxecto para o seguimento dos prezos agrarios en Galicia, baixo os principios básicos de:

- homoxeneizar instrumentos estatísticos
- evita-la duplicación na recollida de datos

A publicación *Prezos do leite*, elaborada polo IGE e inscrita no anterior proxecto, ten como obxectivo coñecer-los prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras, mediante unha enquisa de periodicidade mensual dirixida a tódalas explotacións incluídas na mostra.

4. Ofrécese a continuación o esquema de cálculo do valor engadido no sector agrario.



5. No informe *Producción pesqueira en Galicia* da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura aparecen os resultados da produción de pesca fresca en Galicia nos anos que se indican, expresando as cantidades en toneladas e o seu valor en euros. Eses resultados xorden a partir dos datos diarios de primeira venda, recollidos mediante os medios telemáticos, nas lonxas que dispoñen deles, ou impresos, nas demais. As lonxas con titularidade estatal (A Coruña, Vigo e Marín) tamén se inclúen.

A produción das especies agrupadas está desagregada polos grupos biolóxicos principais.

Os resultados das vendas preséntanse nos totais en Galicia, incluíndo tanto os dos portos onde desembarcan as capturas dos caladoiros afastados (pesca industrial) como os dos portos de competencia autonómica onde se desembarca a pesca dos recursos máis próximos a Galicia, que son obxecto da captura da flota artesanal.

6. As estatísticas da flota pesqueira de Galicia que subministra a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, trátase dunha “foto fixa” da flota pesqueira galega no ano 1999.

Censos agrarios. Datos básicos



	1972		1982		1989		1999	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Número de explotaciones censadas:								
Con terras (A)	385.832	2.525.602	360.436	2.344.012	358.886	2.264.168	268.995	1.764.456
Sen terras (B)	553	45.457	1.244	31.315	271	20.776	1.058	25.706
Total	386.385	2.571.059	361.680	2.375.327	359.157	2.284.944	270.053	1.790.162
Superficie censada (hectáreas) (C)	2.456.596	45.702.662	2.241.967	44.311.769	2.217.140	42.939.208	2.041.798	42.180.950
Tamaño medio das explotacións (C/A)	6,4	18,1	6,2	18,9	6,2	19,0	7,6	23,9
Número de parcelas (D)	7.363.641	27.447.051	5.454.555	20.496.813	5.445.081	18.433.605	4.717.093	18.012.760
Parcelas por explotación (D/A)	19,1	10,9	15,1	8,7	15,2	8,1	17,5	10,2
Superficie media por parcela (C/D)	0,3	1,7	0,4	2,2	0,4	2,3	0,4	2,3

Fonte: INE. *Censo Agrario de España*.

Censos agrarios. Estructura porcentual do número de explotacións con terras segundo o seu tamaño (superficie total)

	1972		1982		1989		1999	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Tamaño das explotacións:								
Menos de 0,1 ha	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,9	0,0	0,0
De 0,1 a 0,49 ha	14,2	11,7	18,9	13,5	21,8	15,6	20,0	13,6
De 0,5 a 0,99 ha	14,1	11,6	14,8	11,9	15,2	12,2	15,6	12,2
De 1 a 1,99 ha	19,2	15,6	18,2	15,5	17,8	15,6	17,6	15,8
De 2 a 4,99 ha	27,2	23,1	23,9	22,1	21,9	21,1	20,4	20,7
De 5 a 9,99 ha	15,3	15,4	13,8	14,3	12,6	13,2	12,1	13,0
De 10 a 49,99 ha	9,7	17,9	9,7	17,5	9,7	16,3	12,9	17,7
De 50 ha e máis	0,3	4,7	0,8	5,3	0,9	5,1	1,3	7,1
Total	100	100	100	100	100	100	100	100

Fonte: INE. *Censo Agrario de España*



Censos agrarios. Distribución xeral da terra

Hectáreas

	1972		1982		1989		1999	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Cultivos herbáceos	413.354	14.934.386	300.091	13.806.200	220.872	12.094.633	228.493	12.399.723
Cultivos leñosos	30.767	4.572.490	30.707	4.311.517	25.106	4.153.114	30.386	4.520.636
Total labradas	444.121	19.506.876	330.798	18.117.717	245.978	16.247.747	258.878	16.920.359
Pastos permanentes	243.694	2.352.915	324.243	5.554.743	429.063	8.492.796	437.812	9.396.427
Especies arbóreas forestais	743.141	10.666.051	714.297	9.591.467	700.863	9.246.692	605.161	8.418.191
Mato, ermo a pastos, etc	935.437	11.751.516	843.753	10.139.632	743.996	7.254.088	673.750	6.118.308
Outras superficies	90.203	1.424.304	28.876	908.210	97.244	1.697.959	66.198	1.327.664
Total non labradas	2.012.475	26.194.786	1.911.169	26.194.052	1.971.166	26.691.535	1.782.920	25.260.590
Superficie censada	2.456.596	45.702.662	2.241.967	44.311.769	2.217.140	42.939.197	2.041.798	42.180.950
Superficie agrícola utilizada (SAU)	687.815	21.859.791	655.041	23.672.460	675.037	24.740.525	696.690	26.316.786

Fonte: INE. *Censo Agrario de España*

Censos agrarios. Distribución xeral da terra 1999

Hectáreas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
	Cultivos herbáceos	61.904	102.793	33.318	30.477	228.493
Cultivos leñosos	2.279	5.435	14.171	8.501	30.386	4.520.636
Total labradas	64.183	108.228	47.489	38.978	258.878	16.920.359
Pastos permanentes	137.082	185.972	72.943	41.815	437.812	9.396.427
Especies arbóreas forestais	177.452	199.187	110.979	117.542	605.161	8.418.191
Mato, ermo a pastos, etc	109.274	201.681	267.838	94.956	673.750	6.118.308
Outras superficies	21.605	15.696	18.715	10.181	66.198	1.327.664
Total non labradas	445.414	602.537	470.475	264.494	1.782.920	25.260.590
Superficie censada	509.597	710.765	517.964	303.472	2.041.798	42.180.950
Superficie agrícola utilizada (SAU)	201.266	294.200	120.432	80.793	696.690	26.316.786

Fonte: INE. *Censo Agrario de España*

Estructura das explotacións agrícolas con terras segundo o seu tamaño. 1997

	Tamaño das explotacións segundo a superficie agrícola utilizada (SAU)								Total	España
	Galicia									
sen SAU	< 1 ha	1 a 5 ha	5 a 10 ha	10 a 20 ha	20 a 30 ha	30 a 50 ha	> 50 ha			
Explotacións con terras										
Número	100	11.259	66.010	19.914	13.612	2.764	883	239	114.781	1.202.153
Superficie total (ha)	1.627	20.728	342.814	242.218	268.087	88.005	53.914	54.029	1.071.422	33.824.847
SAU (ha)	—	6.927	156.313	142.093	185.863	65.013	31.935	33.408	621.552	25.630.128
Explotacións con terras que teñen como titular persoa física										
Número de explotacións	69	11.256	65.906	19.814	13.441	2.641	747	83	113.958	1.162.177
SAU (ha)	—	6.926	156.085	141.390	183.346	61.813	26.813	6.181	582.553	18.564.823
Explotacións con terras que teñen como titular ó xefe da explotación										
Número de explotacións	39	9.399	55.966	16.946	11.267	2.318	592	70	96.597	984.095
SAU (ha)	—	5.713	131.717	121.077	154.867	54.264	21.349	4.989	493.976	16.256.635
Réxime de tenza nas explotacións con terras (ha)										
SAU en propiedade	—	6.516	141.083	122.882	158.778	55.753	26.323	21.934	533.271	18.529.649
SAU en arrendamento	—	288	7.793	11.481	16.668	6.385	4.235	4.357	51.206	5.667.318
SAU en parceria e outros	—	123	7.436	7.731	10.417	2.875	1.377	7.117	37.076	1.433.161
Distribución da superficie total (ha)										
Cultivos herbáceos	—	3.812	58.375	51.820	81.910	32.538	13.612	8.281	250.347	12.888.833
Cultivos leñosos	—	866	9.622	2.724	3.251	618	782	90	17.954	4.171.196
Pastos permanentes	—	2.249	88.315	87.550	100.701	31.858	17.541	25.037	353.251	8.570.100
Outras terras	1.627	13.801	186.501	100.125	82.224	22.991	21.979	20.621	449.869	8.194.719

Fonte: INE. Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 1997.

Estructura das explotacións agrícolas con terras segundo o seu tamaño. 1999

	Tamaño das explotacións segundo a superficie agrícola utilizada (SAU)								Total	España
	Galicia									
sen SAU	< 1 ha	1 a 5 ha	5 a 10 ha	10 a 20 ha	20 a 30 ha	30 a 50 ha	> 50 ha			
Explotacións con terras										
Número	28.159	138.177	66.032	19.601	12.348	2.885	1.237	556	268.995	1.764.456
Superficie total (ha)	733.109	185.697	352.938	238.672	249.023	98.173	60.635	123.553	2.041.799	42.180.950
SAU (ha)	—	48.356	152.374	138.668	169.175	68.389	45.341	74.388	696.691	26.316.786
Explotacións con terras que teñen como titular persoa física										
Número de explotacións	23.661	137.183	65.552	19.440	12.133	2.731	1.073	295	262.068	1.697.214
SAU (ha)	—	48.013	151.282	137.523	166.145	64.678	39.244	23.593	630.478	18.319.104
Explotacións con terras que teñen como titular ó xefe da explotación										
Número de explotacións	23.341	131.024	63.014	18.813	11.789	2.652	1.050	277	251.960	1.566.969
SAU (ha)	—	45.799	145.705	133.139	161.400	62.790	38.387	21.990	609.210	16.965.902
Réxime de tenza nas explotacións con terras (ha)										
SAU en propiedade	—	47.016	139.342	118.596	141.472	53.462	31.453	50.698	582.039	17.632.290
SAU en arrendamento	—	510	6.507	11.611	17.490	9.532	6.744	6.633	59.026	7.073.199
SAU en parceria e outros	—	830	6.523	8.461	10.213	5.395	7.143	17.057	55.625	1.611.298
Distribución da superficie total (ha)										
Cultivos herbáceos	—	18.316	49.402	47.624	64.345	24.765	14.195	9.844	228.493	12.399.723
Cultivos leñosos	—	11.104	11.570	3.168	2.452	841	666	586	30.387	4.520.637
Pastos permanentes	—	18.937	91.403	87.876	102.379	42.783	30.480	63.957	437.812	9.396.427
Outras terras	733.109	137.342	200.563	100.005	79.848	29.784	15.294	49.164	1.345.108	15.864.164

Fonte: INE. Censo agrario 1999

Censos agrarios. Gando por especies. 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Bovino:						
Cabezas	417.485	486.464	65.064	115.899	1.084.912	6.360.827
Explotacións	30.818	25.400	6.909	16.503	79.630	196.640
Cab./Explot.	13,5	19,2	9,4	7,0	13,6	32,3
Porcino:						
Cabezas	365.961	245.242	330.850	297.744	1.239.797	22.079.591
Explotacións	35.883	28.773	19.169	25.185	109.010	218.110
Cab./Explot.	10,2	8,5	17,3	11,8	11,4	101,2
Ovino						
Cabezas	59.297	86.846	114.160	75.045	335.348	20.989.148
Explotacións	8.566	7.858	4.404	16.270	37.098	122.196
Cab./Explot.	6,9	11,1	25,9	4,6	9,0	171,8
Caprino:						
Cabezas	6.147	16.882	16.481	9.022	48.532	2.743.149
Explotacións	1.545	2.056	1.299	3.136	8.036	60.752
Cab./Explot.	4,0	8,2	12,7	2,9	6,0	45,2
Aves:						
Cabezas	1.900.519	4.729.740	7.167.005	6.346.394	20.143.658	182.446.364
Explotacións	54.565	36.236	26.904	46.420	164.125	329.020
Cab./Explot.	34,8	130,5	266,4	136,7	122,7	554,5

Fonte: INE. *Censo Agrario de España*

Gando bovino. Efectivos, 2000 (*)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Número de explotacións	28.431	24.665	6.431	13.909	73.436
Número de vacas de leite	206.251	174.416	7.815	58.939	447.421
Número de vacas de carne	80.429	121.165	28.040	22.259	251.893
Número de vacas totais	286.680	295.581	35.855	81.198	699.314
Número de reses	446.537	533.777	55.499	125.312	1.161.125
Reses/Explotación	15,7	21,6	8,6	9,0	15,8

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

(*) Explotacións con algunha vaca

Gando porcino. Efectivos, decembro 2001

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Leitóns (ata 20 kg peso vivo)	103.032	58.568	65.046	41.831	268.477	6.285.585
Porcos (de 20 a 49 kg peso vivo)	37.662	44.705	62.361	39.680	184.408	5.224.795
Porcos en cebo (máis de 50 kg peso vivo)	74.303	67.101	27.609	61.701	230.714	9.666.653
Reprodutores (máis de 50 kg peso vivo)						
Verróns	625	646	546	261	2.078	86.546
Porcas que non pariron	5.022	2.809	636	2.674	11.141	453.062
Porcas que pariron	27.612	16.514	25.213	10.961	80.300	2.141.134
Total porcino	248.256	190.343	181.411	157.108	777.118	23.857.775

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Información subministrada directamente*
MAPA. *Boletín Mensual de Estadística*.

Gando porcino. Efectivos. Galicia 2001

	Abril	Agosto	Decembro
Leitóns (ata 20 kg peso vivo)	257.684	270.747	268.477
Porcos (de 20 a 49 kg peso vivo)	197.028	186.086	184.408
Porcos en cebo (máis de 50 kg peso vivo)	235.197	290.284	230.714
Reprodutores (máis de 50 kg peso vivo)			
Verróns	2.834	2.411	2.078
Porcas que non pariron	13.653	8.490	11.141
Porcas que pariron	72.081	75.628	80.300
Total porcino	778.477	833.646	777.118

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Información subministrada directamente*

Maquinaria agrícola. 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Tractores:					
Existencias 31/12/1999	43.649	42.386	16.918	21.750	124.703
Altas	1.995	1.769	412	1.023	5.199
Baixas	884	706	312	447	2.349
Existencias 31/12/2000	44.760	43.449	17.018	22.326	127.553
Motocultores:					
Existencias 31/12/1999	16.097	27.161	8.584	15.142	66.984
Altas	197	123	52	661	1.033
Baixas	68	80	36	148	332
Existencias 31/12/2000	16.226	27.204	8.600	15.655	67.685
Colleitoras					
Existencias 31/12/1999	217	409	143	62	831
Altas	9	19	5	0	33
Baixas	3	7	3	0	13
Existencias 31/12/2000	223	421	145	62	851

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

Principais produccions agrícolas. 2000

Toneladas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Cereais e leguminosas gran:					
Trigo	13.181	10.899	36.087	1.331	61.498
Centeo	733	6.357	6.343	755	14.188
Feixón seco	1.069	728	304	371	2.472
Tubérculos:					
Pataca	109.041	124.467	172.392	42.039	447.939
Cultivos forraxeiros:					
Millo forraxeiro	688.835	312.255	15.969	137.766	1.154.825
Pradería polifita	3.450.426	4.410.418	41.852	813.870	8.716.566
Hortalizas:					
Feixón verde	7.567	5.327	11.848	18.654	43.396
Col-Repolo	16.768	12.766	7.577	15.583	52.694
Tomate	4.774	878	638	5.201	11.491
Leituga	3.855	2.432	1.212	6.281	13.780
Cebola	12.486	6.315	4.450	21.918	45.169
Viñedo:					
Uva para viño	20.979	14.194	45.658	62.795	143.626

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

Principais produccions gandeiras. 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Carne (toneladas en canal) de:					
bovino	28.457	16.610	17.954	25.442	88.463
porcino	25.001	3.616	1.820	63.953	94.390
ave	7.479	18.723	61.363	44.683	132.248
coello	1.828	0	0	3.548	5.376
Leite de vaca (miles de litros) (*)	971.779	908.849	39.232	261.279	2.181.139
Ovos de galiña (miles de ducias)	18.875	8.190	14.021	19.947	61.033

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

(*) Avance

Prezo global do leite (*)

euros/litro sen IVE

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1993	0,23	0,24	0,23	0,22	0,23
1994	0,26	0,26	0,25	0,25	0,26
1995	0,26	0,27	0,24	0,27	0,27
1996	0,27	0,27	0,25	0,26	0,27
1997	0,27	0,28	0,25	0,26	0,27
1998	0,29	0,29	0,27	0,29	0,29
1999	0,27	0,27	0,26	0,28	0,27
2000	0,28	0,28	0,26	0,29	0,28
2001	0,32	0,32	0,29	0,32	0,32

Fonte: IGE. *Prezos do leite*.

(*) A partir do ano 1997 para as provincias só se considera o leite refrixerado

Producción de madeira. 2000

metros cúbicos con cortiza

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Coníferas:					
Piñeiro (P.Pinaster)	963.954	465.599	347.360	478.043	2.254.956
Outras coníferas	140.540	269.135	58.059	169.214	636.948
Total coníferas	1.104.494	734.734	405.419	647.257	2.891.904
Frondosas:					
Eucalipto	1.107.853	654.150	9.568	906.498	2.678.069
Outras frondosas	21.153	88.814	30.086	23.467	163.520
Total frondosas	1.129.006	742.964	39.654	929.965	2.841.589
Total madeira (1)	2.233.500	1.477.698	445.073	1.577.222	5.733.493

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

(1) Ver nota de táboa anterior.

Prezos da terra. 2000 (*)

	euros/ha				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Labradío secaño	14.054	12.537	7.341	18.105	13.009
Labradío regadío	—	13.601	15.858	32.972	20.810
Prados secaño	13.309	12.729	8.787	14.553	12.345
Prados regadío	13.201	16.414	16.603	18.819	16.259
Pasteiros secaño	—	5.061	5.127	8.565	6.251
Viñedo de transformación	—	18.487	32.690	53.499	34.892

Fonte: Consellería de Agricultura Gandería e Política Agroalimentaria. *Anuario de estadística agraria*.

(*) Prezo máis frecuente nas transaccións

Incendios e superficie queimada por provincias. 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nº de incendios (A)	2.640	945	3.559	2.841	9.985
Superficie arborada (ha)(B)	1.351	252	1.355	1.057	4.014
Superficie rasa (ha)(C)	2.304	1.124	8.168	2.744	14.339
Superficie total (ha) (D=B+C)	3.655	1.375	9.523	3.800	18.354
Superficie arborada media por incendio (E=B/A)	0,51	0,27	0,38	0,37	0,40
Índice de eficacia (100/E)	195,4	375,4	262,7	268,9	248,7

Fonte: Consellería de Medio Ambiente. *Incendios forestais*.

Contas do sector agrario. 1999

	Miles de euros				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Producción total agraria	833.619	893.108	347.774	519.915	2.594.415
B: Reemprego	251.205	362.574	58.898	116.967	789.643
C: Producción final agraria (A-B)	582.414	530.534	288.876	402.949	1.804.773
D: Gastos fóra do sector	267.244	209.137	120.631	126.589	723.602
E: VEB pm (C-D)	315.170	321.396	168.244	276.360	1.081.171
F. Subvencións de explotación	34.627	47.372	14.046	9.786	105.832
G. VEB cf (E+F)	349.798	368.769	182.291	286.145	1.187.002
H. Amortizacións	93.582	101.029	37.875	39.676	272.162
I. Renda agraria ou VEN cf (G-H)	256.216	267.740	144.415	246.469	914.840

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

Achega á produción final agraria dos principais produtos ou grupos de produtos, 1999

Miles de euros

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1 Froitas e hortalizas	36.128	22.433	15.817	73.413	147.790
2 Patacas	22.381	18.515	21.700	10.933	73.528
3 Viño e subproductos	5.655	14.634	53.366	94.103	167.758
4 Outros agrícolas	29.159	5.741	8.141	15.324	58.365
Total subsector agrícola	93.322	61.323	99.024	193.773	447.442
5 Leite	223.691	228.213	10.465	62.651	525.021
6 Vacún: carne e gando	90.497	44.705	37.988	13.576	186.766
7 Ovos e aves	14.314	22.808	75.071	46.247	158.440
8 Porcino: carne e gando	32.364	24.392	36.977	15.047	108.780
9 Outros gandeiros	9.007	7.225	4.081	8.489	28.802
Total subsector gandeiro	369.872	327.344	164.582	146.011	1.007.808
Total subsector forestal	101.280	98.898	18.599	53.117	271.893
Outras producións	17.940	42.970	6.670	10.049	77.629
Total produción final agraria	582.414	530.534	288.876	402.949	1.804.773

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. *Anuario de estadística agraria*.

Pesca capturada. 2000

Toneladas e valor en 1ª venda (miles de euros)

	Portos da Admón. do Estado					Portos da Comunidade Autónoma		Portos (Total)			
	A Coruña	Ferrol-San Cibrao	Marín-Pontevedra	Vigo	Vilagarcía de Arousa	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pesca fresca											
Moluscos	1.589	7	0	38.768	0	40.364	48.402	11.776	30.598	52.140	79.000
Crustáceos	831	50	148	291	0	1.320	4.545	1.138	7.974	2.458	12.519
Peixes	41.279	90	8.034	35.897	0	85.300	228.319	72.919	244.372	158.219	472.691
Total	43.699	147	8.182	74.956	0	126.984	281.266	85.833	282.944	212.817	564.210
Valor 1ª venda	83.640	865	19.376	136.036	0	239.916	485.029	179.671	546.878	419.587	1.031.907
Pesca conxelada	0	0	65.317	75.371	52.866	193.554	582.073	217.000	217.000	410.554	799.073
Pesca total	43.699	147	73.499	151.198	52.866	321.409	864.210	302.833	499.944	624.242	1.364.154

Fonte: Puertos del Estado. *Anuario Estadístico*.

Nota: A suma de pesca fresca máis conxelada non dá o total de pesca porque hai que engadirle 871 toneladas de bacallao verde no porto de Vigo

Pesca desembarcada en Galicia: producción en primeira venda

toneladas

	1998	1999	2000	2001
Peixes	158.309	136.982	128.232	121.075
Crustáceos	2.027	1.886	1.432	1.413
Moluscos	17.199	16.798	15.138	11.262
Invertebrados acuáticos	549	616	492	553
Total pesca desembarcada	178.084	156.282	145.295	134.303

Fonte: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Información subministrada directamente.
Datos pendentes de homologación para o ano 2001

Pesca desembarcada en Galicia: valor da produción

miles de euros

	1998	1999	2000	2001
Peixes	272.983	277.360	267.258	260.487
Crustáceos	22.263	25.340	21.070	21.669
Moluscos	64.385	65.458	62.098	51.714
Invertebrados acuáticos	364	443	492	835
Total pesca desembarcada	359.995	368.600	350.917	334.705

Fonte: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Información subministrada directamente.
Datos pendentes de homologación para o ano 2001

Flota pesqueira de Galicia. Distribución provincial. 1999

	Nº de buques	Total T.R.B.	Tripulación máxima
A Coruña			
Flota artesanal menor (<2,5)	2.757	3.188	3.803
Flota artesanal maior (2,5 a 12)	751	4.505	2.233
Flota litoral (12 a 150)	487	21.780	3.512
Buques arrastreiros (150 a 500)	59	13.005	812
Grandes conxeladores (atuneiros e arrastreiros) (>500)	15	15.381	383
Totais da provincia	4.069	57.860	10.743
Lugo			
Flota artesanal menor (<2,5)	34	58	77
Flota artesanal maior (2,5 a 12)	90	529	259
Flota litoral (12 a 150)	88	7.275	940
Buques arrastreiros (150 a 500)	67	13.247	1.111
Totais da provincia	279	21.109	2.387
Pontevedra			
Flota artesanal menor (<2,5)	2.527	3.096	3.238
Flota artesanal maior (2,5 a 12)	698	4.304	2.094
Flota litoral (12 a 150)	418	19.039	2.852
Buques arrastreiros (150 a 500)	148	37.381	2.400
Grandes conxeladores (atuneiros e arrastreiros) (>500)	68	66.827	2.141
Totais da provincia	3.859	130.647	12.725
Galicia			
Flota artesanal menor (<2,5)	5.318	6.342	7.118
Flota artesanal maior (2,5 a 12)	1.539	9.338	4.586
Flota litoral (12 a 150)	993	48.094	7.304
Buques arrastreiros (150 a 500)	274	63.633	4.323
Grandes conxeladores (atuneiros e arrastreiros) (>500)	83	82.209	2.524
Totais de Galicia	8.207	209.615	25.855

Fonte: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Información subministrada directamente.